

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2022 pola que se modifica a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A).

O 19 de xullo de 2021 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A).

No artigo 22 da Resolución do 5 de xullo de 2021 establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa será o seguinte:

1. As comunidades de usuarios beneficiarias que realicen os investimentos obxecto de subvención antes do 25 de novembro de 2021 terán de prazo para presentar a correspondente xustificación ata o 1 de decembro de 2021.

2. As comunidades de usuarios beneficiarias que realicen os investimentos obxecto de subvención desde o 26 de novembro de 2021 terán de prazo para executar o proxecto subvencionado e presentar a correspondente xustificación ata o 30 de xuño de 2022.

Con posterioridade ao outorgamento das subvencións recibíronse en Augas de Galicia comunicacións de comunidades de usuarios beneficiarias solicitando a ampliación do prazo de xustificación.

Debe terse en conta, así mesmo, o elevado número de solicitudes presentadas no procedemento, cuxa revisión e valoración tivo como consecuencia que non se puidese ditar a resolución do procedemento no prazo establecido na convocatoria de axudas, e que, debido á situación actual, as comunidades de usuarios atópanse con dificultades para poder executar as obras no prazo establecido, a causa tanto dos problemas das empresas para adquirir material como da suba de prezos que incrementa os problemas de financiamento das comunidades de usuarios.



O artigo 45.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, establece a posibilidade de que o órgano concedente das subvencións outorgue, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para presentar a xustificación, que non excederá a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Por outra banda, remítese ao disposto con carácter xeral no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no que se indica que a ampliación poderá acordarse de oficio ou por instancia de parte antes do vencemento do prazo de que se trate e se as circunstancias así o aconsellasen.

As bases reguladoras non conteñen precepto en contra da ampliación do prazo de xustificación.

A ampliación do prazo non causa prexuízo a terceiros.

Por todo o anterior, sobre a base dos requisitos e condicións previstos na normativa anteriormente citada e tendo en conta todo o exposto,

RESOLVO:

Artigo único. Modificación da Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A).

A Resolución do 5 de xullo de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrència competitiva, para a mellora do estado das instalacións de captación, potabilización e almacenamento de comunidades de usuarios de abastecemento para consumo humano na Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento AU232A), queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 22, que queda redactado como segue:

«1. As comunidades de usuarios beneficiarias terán de prazo para presentar a correspondente xustificación ata o 15 de setembro de 2022.»

CVE-DOG: erc4lv22-scn1-ic57-qm52-n0mhwbybo6e7



Dous. Déixase sen contido o punto 2 do artigo 22.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta resolución producirá efectos desde o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2022

Ethel María Vázquez Mourelle
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: erc4lv22-scn1-ic57-qm52-n0mhwbybo6e7

